

NOVIDADES COMPETICIÓN TEMPADA 19/20 (Acordadas na Asemblea Xeral Ordinaria)

Informase a todos os estamentos de que dende a primeira xornada da tempada 19/20 entrarán en vigor os seguintes trocos acordados na Asemblea Xeral Ordinaria de 2019:

- **Nº XOGADORAS EN ACTA:** O número mínimo de xogadoras en acta será de 10 nas categorías xuvenil e cadete e de 8 en categoría infantil; nas categorías inferiores o número mínimo será de 7 nas competicións de balonmán 7 e de 5 nas competicións de minibalonmán.
- **CONCESIÓN FASES FINAIS E SECTORES AUTONÓMICOS:** A Federación Galega de Balonmán publicará unhas bases claras no último trimestre de 2019 que permitirán que calquera clube ou institución solciiten a organización dos mesmos independentemente de que sexan participantes ou non; as bases serán públicas e aprobadas pola comisión delegada.
- **ENCUNTROS DOMINGOS POLA TARDE:** Poderán establecerse horarios os domingos pola tarde sen previo acordo co equipo rival nas categorías sénior e xuvenil, o horario terá que estar establecido entre as 16:30 e as 18:30 horas; o equipo locatario poderá facer uso desta novidade sempre e cando isto non implique que as diferentes categorías que van ligadas xoguen en franxas horarias diferentes (mañá e tarde).
- **BALÓN OFICIAL (2ª XORNADA):** A partir da 2ª xornada de liga os balóns oficiais e obrigatorios en todos os encontros de todas as categorías serán o Balón Hummel Arena e Hummel KIDS, inclúense neste acordo as categorías alevín e benxamín.

- **DUPLICIDADE LICENZA:** Un adestrador/a poderá realizar funcións de axudante/delegado en outra categoría do mesmo club.

- **CURSOS DELEGADO CAMPO E EQUIPO:** Todos os delegados de equipo e delegados de campo estarán na obriga de realizar un curso online para ter a súa licenza en vigor, este curso por atoparse a plataforma nun proceso de mellora terá lugar durante o mes de outubro de 2019.

- **FUNCIÓNS DELEGADOS DE EQUIPO:** Terán a responsabilidade de anotar os goles de cada xogador/a do seu equipo coa finalidade de contrastar e colaborar cos colexiados/as ao finalizar o encontro, prevalecendo sempre a decisión arbitral.

- **GRAVACIÓN DE PARTIDOS:** Será obrigatoria a gravación por parte do club locatario dos encontros de todas as categorías sénior e as divisións de honra infantil, cadete e xuvenil, ademais débense subir antes do xoves seguinte á disputa do encontro ás 20:00 horas á plataforma MiSquad, de non ser así procederá á intervención do Comité de Competición. Nas segundas categorías non é obrigatoria pero si recomendable, xa que permitirá mellorar no control de xogadores/as, no control e formación arbitral e na difusión do noso deporte.

- **RECOÑECEMENTOS MÉDICOS:** O recoñecemento médico nas categorías alevín, benxamín e prebenxamín poderá substituírse por unha autorización dos pais/nais ou titores legais dos/as menores. A FGBM proporcionará un servizo de realización de recoñecementos médicos ás diferentes localidades a un prezo de 15€.

- **SEGURO DEPORTIVO DE XOCADORES/AS CADETES QUE XOGUEN EN XUVENÍS:** Os xogadores/as cadetes que xoguen com xuvenís por non ter equipo em categoria cadete serán tratados a todos os efectos coma xuvenís, agás no tema no seguro deportivo que entrarán dentro do programa Xogade ata que superen os 16 anos.

- **CARTÓN VIOLETA:** Incorporárase a tarxeta violeta ao estamento arbitral para velar polo bo comportamento, o respecto e os valores que debe representar o noso deporte. A circular número 13 especifica o funcionamento deste cartón.
- **COMPETICIÓNS TEMPADA 20/21:** A asemblea autorizou á Federación Galega de Balonmán a facer a proposta de competicións para a tempada 20/21 na asemblea que se levará a cabo no último trimestre de 2019.

En Vigo a 19 de setembro de 2019.

